ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL					
Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables	2,00	1,00	1,50	2,00	1,50
Organización física da obra	2,00	1,50	1,00	2,00	1,50
A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra	3,00	0,00	0,00	2,25	3,00
Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos	2,00	1,50	1,00	2,00	0,00
Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar	2,00	0,00	2,00	2,00	2,00
Descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión	1,00	0,25	0,75	1,00	0,50

de residuos					
TOTAL	12,00	4,25	6,25	11,25	8,50
PUNTOS TOTALES	25,00	11,25	15,75	23,50	19,00

Asimismo y en los términos que establece el propio PCAP, la puntuación de cada uno de los criterios respecto de las memorias técnicas presentadas por los licitadores, guardan proporcionalidad con el valor económico que dichos puntos representan.

4. CONSIDERACIÓN FINAL

Esta es la valoración del Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos que suscribe, en su leal saber y entender, y que somete a cualquier otra mejor fundada en Ingeniería.

En Silleda, a 30 de septiembre de 2025

El Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos Autor del Informe”

Os membros da Mesa de Contratación a vista do informe técnico transcrito anteriormente, por unanimidade, asume o seu contido íntegro dando a súa conformidade as valoracións que contén, quedando a puntuación total do contido do SOBRE A da seguinte maneira:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN SOBRE A XUIZOS DE VALOR
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. (B94181807)	23,50
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537)	11,25
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. (B32211716)	15,75
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B36494185)	19,00

A Mesa de Contratación, unha vez finalizado o acto de valoración do SOBRE A, acorda convocar a seguinte reunión para o martes día 07 de outubro ás 10:00 horas para proceder á apertura do SOBRE B.

Na casa consistorial do Concello de Silleda, cando son as 10:35 da mañá do martes 07 de outubro de 2025, procédese a dar lectura das ofertas económicas contidas no SOBRE B co seguinte resultado:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PREZO SEN IVE (€)	IVE (€)	PREZO TOTAL (€)
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. (B94181807)	173.769,19	36.491,53	210.260,72
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537)	183.316,94	38.496,56	221.813,50

OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. (B32211716)	181.560,16	38.127,63	219.687,79
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICOS GLOBALES, S.L. (B36494185)	171.821,44	36.082,50	207.903,94

Os licitadores ofertan as seguintes melloras das propostas no prego:

DENOMINACIÓN SOCIAL	MELLORA 1 FIRMES (24,86)	MELLORA 2 DRENAJE (4,52)	MELLORA 3 SINALIZACIÓN (4,94)	MELLORA 4 MOBILIARIO (5,20)
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. (B94181807)	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537)	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. (B32211716)	SÍ	NON	NON	NON
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICOS GLOBALES, S.L. (B36494185)	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ

Con data 14 de outubro valóranse as ofertas económicas presentadas aplicando os criterios recollidos nos pregos, de maneira que a puntuación do SOBRE B é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. (B94181807)	31,29	39,52	70,81
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (B36533537)	13,91	39,52	53,43
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L. (B32211716)	17,11	24,86	41,97
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICOS GLOBALES S.L. (B36494185)	35,48	39,52	75

Tendo en conta a valoración dos criterios suxeitos a xuízos de valor que realizou a mesa de contratación na sesión do 06 de outubro en base ó informe técnico do redactor do proxecto, as **PUNTUACIÓNS FINAIS** quedan da seguinte maneira:

LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE A	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. (B94181807)	23,50	70,81	94,31
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (B36533537)	11,25	53,43	64,68

OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L. (B32211716)	15,75	41,97	57,72
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICOS GLOBALES S.L. (B36494185)	19,00	75	94

Polo exposto anteriormente, a mesa por unanimidade dos membros presentes, na última sesión celebrada acordou:

“PRIMEIRO.- Clasificar por orde decrecente as ofertas presentadas segundo as puntuacións obtidas:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1º	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. (B94181807)	94,31
2º	ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICOS GLOBALES S.L. (B36494185)	94
3º	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (B36533537)	64,68
4º	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L. (B32211716)	57,72

SEGUNDO.- Requirir á licitadora a **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.** con **N.I.F. B94181807**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de obra **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN DORNELAS (Concello de Silleda)”** para que, dentro do prazo de **7 días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 26 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 20 e o punto 26, así como as pólizas de seguro recollidas no punto 20, ambas do Anexo I do PCAP.”

Con data 14 de outubro de 2025, Rexistro de Saída nº 2025-S-RE-1441, requírese á licitadora **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU** a documentación antedita.

O 15 de outubro de 2025 a licitadora entrega a documentación solicitada co seguinte rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1885.

A Mesa de Contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada, salvo erro ou omisión involuntaria, e **PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:**

A **ADXUDICACIÓN** do contrato obras denominado **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN DORNELAS (Concello de Silleda)”** a:

- **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU** con **N.I.F. B94181807**, por ser a oferta máis vantaxosa.

A presidenta da por rematada a reunión ás 14:40 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura da presidenta, e dou fe.

O Secretario
David García Lareo

VºBº.
A Presidenta
Paula Mª Fernández Pena”

Visto o informe fase D asinado o 22 de outubro de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación e **ADXUDICAR** á licitadora **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU** con N.I.F. **B94181807**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación, o contrato de obras denominado **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN DORNELAS (Concello de Silleda)”** por importe de 173.769,19 euros, ao que corresponde por IVE a contía de 36.491,53 euros, totalizándose a oferta en 210.260,72 euros.

Comprometéndose a realización das melloras postestativa recollidas no PCAP sobre:

1.FIRMES

Capa de regularización:

-Rega de adherencia: rega da superficie pavimentada mediante emulsión asfáltica C60B3 ADH en regas de adherencia, mesmo varrido e preparación da superficie, totalmente terminado.

-Regularización: extensión de 1 cm de espesor medio de formigón bituminoso en ca-liente AC 16 surf 50/70 D fabricado, estendido e compactado, mesmo filler de achegación, excepto betume.

-Betume: betume asfáltico 50/70, empregado na fabricación de formigóns bituminosos en quente, posto a pé de obra ou planta.

2.DRENAXE

Cuneta triangular transitable revestida de formigón:

-Cuneta triangular transitable de sección ata 1,35 m, con noiros 8/1 e 1/1 e h=0,15 m, revestida de formigón HM-20 de 10 cm. de espesor, mesmo compactación e prepa-ración da superficie de asentamento, regleado e p.p de encofrado, terminada.

3.SINALIZACIÓN

Sinalización horizontal:

-Marca viaria de STOP consistente no pintado da liña de detención branca de 40 cm de ancho e o rótulo e/ou signo, todo iso executado con pintura acrílica e aplicación de microesferas de vidro, mesmo varrido e premarcaxe.

Sinalización vertical:

-Sinal octogonal de dobre apotema -STOP- de 600 mm e retrorreflectancia nivel RA2, mesmo poste galvanizado de sustentación, ancoraxes e cimentación, totalmente colocada.

-Sinal de indicación de núcleo rural a definir (material e deseño) pola D.F., mesmo elemento de sustentación, ancoraxes e cimentación, totalmente colocada.

4.MOBILIARIO

Elemento para suxeición de contedores de aceiro, a definir (material e deseño) pola D.F., totalmente colocado.

SEGUNDO.- Dispor o gasto por importe de **210.260,72** euros, con cargo á aplicación 454-619 proxecto 2025-28 do orzamento municipal vixente.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU** con N.I.F. **B94181807**, adxudicataria do contrato, indicarlle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

CUARTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 1412/2024. Licenza ou Autorización Urbanística. Segregación de parcela urbana en dos fincas independentes

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES:

Remitímonos ós antecedentes que se recolle no expediente administrativo que obra neste Concello (Expediente 1412/2024), así,

1º.- Consta no expediente que o día 19/09/2024 (registro de entrada 2024-E-RE-1404), o representante do solicitante presenta solicitude de licenza ou autorización urbanística para “Segregación de parcela urbana en dos fincas independentes”. Achegase coa solicitude:

- Autorización de representación outorgada por D. José Maril Sánchez para D. Ramón Moreira García.
- “Proyecto técnico de segregación de parcela urbana para la posterior formación de dos fincas independentes, situada en Silleda, en la calle Pintor Colmeiro, promovido por Don José Maril Sánchez”.
- Certificación catastral descriptiva e gráfica.
- Documento de segregación.
- Solicitude de Licenza ou Autorización Urbanística para “Segregación de parcela urbana en dos fincas independentes”.

2º.- Consta no expediente **informe favorable** de 15 de setembro de 2025 asinado polo arquitecto municipal, Don Lino M. Doporto Framil, para a **concesión da licenza de parcelamento na finca con referencia catastral nº 36052K505060130001RS** segundo o contemplado no “Proyecto

técnico de segregación de parcela urbana para la posterior formación de dos fincas independientes, situada en Silleda, en la calle Pintor Colmeiro, promovido por Don José Maril Sánchez”, elaborado por D. Ramón Moreira García (Ingeniero Técnico Agrícola).

O informe favorable do arquitecto municipal recolle o seguinte:


<i>“Solicitante</i>	<i>José Maril Sánchez, representado por Ramón Moreira García</i>		
<i>Expediente</i>	<i>1412/2024</i>		
<i>Solicitud</i>	<i>Parcelación</i>		
<i>Tipo de Solicitud</i>	<i>Parcelación</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>Rúa Pintor Colmeiro, Silleda</i>		
<i>Planos PXOM</i>	<i>SR I6</i>	<i>SNR</i>	<i>SU L6-L7</i>
<i>Referencia catastral</i>	<i>36052K505060130001RS</i>		
<i>Autores do Proxecto</i>	<i>Ramón Moreira García, Enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1666 A Coruña e Pontevedra</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i>		

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana. TRLS*
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. LSG*
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. RLSG*
- 4 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia. PBA*
- 5 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. LPCG*
- 6 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español. LPHE*
- 7 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana. RDU*
- 8 Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. LMETAG*
- 9 Decreto 330/1999 de 9 de decembro unidades minimas de cultivo en Galicia. UUMMC*
- 10 Planeamento do Concello de Silleda*
- 10.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente o 23 de decembro de 2022 e inscrito no Rexistro de planeamento o 28 de abril de 2023 PXOM*
- 11 Concordantes*

ANTECEDENTES:

- 1. Emítese o presente informe técnico en cumprimento da providencia de alcaldía de 21 de xullo de 2025 que consta no expediente 1412/2024, de solicitude de licenza asinada por José Maril Sánchez, representado por Ramón Moreira García, presentada con R.E. 2023-E-RE-937 de 3 de agosto de 2023. Aporta proxecto en formato dixital asinado por Ramón Moreira García, Enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1666 A Coruña e Pontevedra. Non consta xustificante de pago de taxas municipais.*
- 2. O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda foi aprobado definitivamente o 23 de decembro de 2022, foi inscrito no Rexistro de planeamento o 28 de abril de 2023 e publicouse a normativa no BOP nº 87, de 8 de maio de 2023.*



3. Á vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 e 148 da LSG e 355 do RLSG:

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

4. O artigo 355 do RLSG establece, no punto 2, a documentación mínima a presentar nas licenzas de parcelación:

a) Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou o uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao planeamento urbanístico aplicable e ao réxime legal de formación de parcelas e predios.

Consta no expediente.

b) Pro forma do documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.

Consta no expediente.

c) Plano de situación do predio que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral e catastral.

Consta no expediente.

d) Plano parcelario do predio mencionado, a escala axeitada e con base cartográfica topográfica, representativo dos lotes propostos.

Consta no expediente.

e) Superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas.

Consta no expediente.

f) Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a cualificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.

Consta no expediente.

INFORME TÉCNICO:

5. O solo no que se pretende a Parcelación encóntrase clasificado no PXOM como solo urbano, ordenanza 2.2. Segundo a Disposición Transitoria Primeira da LSG, para o planeamento non adaptado á mesma, como solo urbano, Ordenanza 2.2. Preténdese mediante esta memoria segregar a parcela inicial en dúas.

5.1 A disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, "Régime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", establece no seu punto 1, aplicable ao PXOM de Silleda por non estar adaptado á LSG, para o estas clasificacións de solo, o seguinte:

(---)

a) Ao solo urbano, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

(...)

6. Revisada a documentación sinalada no artigo 355 do TRLS e a documentación presentada cómpre sinalar o seguinte:

6.1 Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, xustificante do pagamento das taxas municipais. Deberase aportar xunto có modelo F041 cumprimentado.

1 <https://silleda.es/wp/wp-content/uploads/2018/10/F04-e-F05-Autoliquidaci%C3%B3n-documentos-Urbanismo2.xls>

6.2 Canto ás afeccións sectoriais, non se aprecian no PXOM vixente.

6.3 O proxecto presentado non consiste na división de parcela, senón na súa parcelación, polas que aquelas que cumpran determinadas características serán edificables.

6.4 As superficies que se aprecian na Oficina Virtual de Catastro non coinciden coas da memoria, obténdose as seguintes diferencias en superficies e referencias:

Nº RC en memoria	Superficie segundo memoria	RC na OVC	Superficie segundo OVC
36052K505060130001RS	710 m ²	710	710 m ²

7. O PXOM prevé, con relación a área onde se sitúa o predio que se pretende parcelar, os seguintes requisitos:

Condicións de uso e edificación	Condicións do Proxecto	Condicións dos Instrumentos de plan	Cumpre	
			Si	Non
Parcela mínima	383 m ² 327 m ²	100 m ²	X	
Dimensión mínima de fachada á rúa	11,20 m 10,70 m	8 m	X	

8. A parcela de orixe ten as seguintes características:

Referencia Catastral: 36052K505060130001RS
Localización: Rúa María Colmeiro, Silleda
Clase: Urbano
Superficie: 710 m²

9. Sobre a parcela citada preténdese realizar o seguinte parcelamento urbanístico:

Parcela n.º1 Superficie: 383 m²
Linderos: Norte: Finca segregada n.º 2
Sur: José Maril Sánchez
José Luis Trujillo Ares
Leste: Rúa Pintor Colmeiro
Oeste: José Maril Sánchez
Comunidade de propietarios Edificio N.º 38 da rúa Venezuela

Parcela n.º2 Superficie: 327 m²
Linderos: Norte: Comunidade de propietarios Edificio N.º 40 da rúa
Venezuela
Sur: Finca segregada n.º 1
Leste: Rúa Pintor Colmeiro
Oeste: Comunidade de propietarios Edificio N.º 38 da rúa
Venezuela

10. Na parcela de referencia existen as seguintes construcións e instalacións:

Parcela n.º 2 Construción cunha extensión de 112 m², composta de baixo e dúas plantas altas, cunha superficie total construída de 336 metros cadrados, destinados a garaxe e almacén.

11. O parcelamento pretendido é unha división simultánea de terreos en dous lotes, cuxa finalidade é extinguir o condominio que entre os dous propietarios existía e permitir ou facilitar a realización de actos de edificación ou uso do solo ou do subsolo sometidos a licenza urbanística.

12. Non se realiza nin se realizou ningún fraccionamiento que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no PXOM ou na Lexislación sectorial.

13. O parcelamento solicitado non leva a obriga de cesión de terreos.

14. Non se considera necesario solicitar informe ou autorización sectoriais.

15. En conclusión ao exposto, informo que o parcelamento obxecto do expediente é conforme á Lei e ao plan urbanístico e, por tanto, informo favorablemente respecto da concesión da licenza de parcelamento urbanístico solicitada.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, na data sinalada na marxe.

Asinado electronicamente por Lino Manuel Doporto Framil, arquitecto”

3º.-Consta no expediente informe xurídico asinado pola secretaria municipal o 27 de outubro de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a **JOSÉ MARIL SÁNCHEZ (76.780.326-R)** a licenza urbanística solicitada para o **parcelamento na finca con referencia catastral nº 36052K505060130001RS** segundo o contemplado no **“Proyecto técnico de segregación de parcela urbana para la posterior formación de dos fincas independientes, situada en Silleda, en la calle Pintor Colmeiro, promovido por Don José Maril Sánchez”**, elaborado por D. Ramón Moreira García (Ingeniero Técnico Agrícola).

SEGUNDO.- A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e debendo dar cumprimento ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente.

TERCEIRO.- A licenza quedará condicionada á aportación do xustificante de pago das taxas municipais.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ós interesados.

Expediente 922/2024. Licenza ou Autorización Urbanística. CONSTRUCCIÓN DE ALMACÉN AGRÍCOLA, DEPÓSITO E ALMACENAXE DE MATERIAIS, ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS E PECHE DE PARCELA

Favorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 4, En contra: 0, Abstencións: 1	
	A favor	Estefanía Taín Surribas Manuel Requeijo Rey María Asunción García Hernández Mónica González Conde
	En contra	---
	Abstencións	Paula Mª Fernández Pena

ANTECEDENTES:

Remitímonos ós antecedentes que se recolle no expediente administrativo que obra neste Concello (Expediente 922/2024), así,

1º.- Consta no expediente que o 04/06/2024 (registro de entrada 2024-E-RE-863), o representante do solicitante presenta solicitude de licencia ou autorización urbanística para **“Construcción de**

almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos y cierre de parcela". Achegase coa solicitude:

- *"Proyecto básico. Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos y cierre de parcela"*.
- Recibo de presentación de documentos en Dirección Territorial da Consellería de Medio Rural de Pontevedra.
- Recibo de presentación de documentos en Servizo Provincial Da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra.
- Solicitude de Licencia ou Autorización Urbanística para *"Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos y cierre de parcela"*.

2º.- O día 05/06/2024 (registro de entrada 2024-E-RE-874) o representante do solicitante presenta para achegar ao expediente os seguintes documentos:

- Pre-solicitude de AESA.

3º.- O día 27/06/2024 (registro de entrada 2024-E-RC-2529) recíbese autorización de AESA. (CSV: : AESASRVAAISA000ISRFNT709218NDA).

4º.- O día 02/01/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-4) o representante do solicitante presenta instancia solicitando *"obter a licencia municipal para a realización de dita obra"* e achega ao expediente os seguintes documentos:

- Autorización da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.
- Autorización da Consellería Medio Rural.

5º.- O día 30/01/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-142) o representante do solicitante presenta instancia solicitando *"obter a licencia municipal para a realización de dita obra"* e achega ao expediente os seguintes documentos:

"Proyecto básico y de ejecución. Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos" con nº de visado 165/ 25- ST.

6º.- O día 16/05/2025 (registro de saída 2025-S-RE-573) o concello de Silleda realiza un requirimento para que o interesado proceda á subsanación das deficiencias recollidas no informe emitido polo arquitecto municipal, Don Iván Rivas Rico, asinado o 15 de maio de 2025.

7º.- O día 29/05/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-932) o representante do solicitante presenta instancia para a *"tramitación administrativa co fin de outorgar a licenza urbanística de obra"* e achega ao expediente os seguintes documentos:

- *"Proyecto básico y de ejecución. Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos"* sen visado colexial.

- Compromiso de inscrición no rexistro da propiedade.
- Autoliquidación de tributos municipais.

8º.- O día 01/07/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-1211) o representante do solicitante presenta instancia para a *“tramitación administrativa co fin de outorgar a licenza urbanística de obra”* e achega ao expediente os seguintes documentos:

- *“Proyecto básico y de ejecución. Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos”* con nº de visado 1225/ 25- ST.

9º.- O día 01/07/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-1212) o representante do solicitante presenta instancia co obxecto de atender ao requirimento efectuado con data de 16 de maio de 2025 onde se achega a seguinte documentación:

- Comunicación de apertura e inicio de actividade para Almacén agrícola, depósito e almacenaxe de materiais e estacionamento de vehículos.

10º.- O día 22/09/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-1725) o representante do solicitante presenta instancia co obxecto de atender ao requirimento efectuado con data de 16 de maio de 2025 onde se achega a seguinte documentación:

- Declaración ambiental.
- Declaración de condicións do exercicio da actividade.
- Declaración de nivel sonoro da actividade.
- Xustificación do abono da taxa de actividade.
- Nomeamento do técnico responsable da Dirección de Obra.
- Nomeamento do Coordinador de Seguridade e Saúde.
- *“Proyecto básico y de ejecución. Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos”* con nº de visado 1756/ 25- ST.

11º.- Consta no expediente **informe favorable** de 06 de outubro de 2025 asinado polo arquitecto municipal, Don Iván Rivas Rico, para a concesión da licenza para CONSTRUCCIÓN DE ALMACÉN AGRÍCOLA, DEPÓSITO E ALMACENAXE DE MATERIAIS, ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS E PECHE DE PARCELA, traballos contemplados no *“Proxecto básico e de execución. Almacén agrícola, depósito e almacenaxe de materiais e estacionamento de vehículos”*, asinado polo Enxeñeiro técnico Industrial, D. César Méndez Lorenzo, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña (visado nº 1756/ 25-ST de 05.09.2025).

O informe favorable do arquitecto municipal recolle o seguinte:

*“Solicitante: LOGÍSTICA Y TRANSPORTES CUIÑA 2018 SL NIF/CIF: B94***
Representante: DIEGO CUIÑA IGLESIAS NIF/CIF: 45***
Data de rexistro: 04/06/2024 Nº rexistro: 2024-E-RE-863 Expediente: 922/2024*

Situación: **LOURÁS, S/Nº, SILLEDA**
Referencia catastral: 36052C507006180000TA
Asunto: *Solicitud de licenza*

Plano PXOM:

ANTECEDENTES E DOCUMENTACIÓN:

1. O día 04/06/2024 (registro de entrada 2024-E-RE-863), o representante do solicitante presenta solicitude de licencia ou autorización urbanística para “Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos y cierre de parcela”. Achegase coa solicitude:

- “Proyecto básico. Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos y cierre de parcela”.
- Recibo de presentación de documentos en Dirección Territorial da Consellería de Medio Rural de Pontevedra.
- Recibo de presentación de documentos en Servizo Provincial Da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra.
- Solicitud de Licencia ou Autorización Urbanística para “Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos y cierre de parcela”.

2. O día 05/06/2024 (registro de entrada 2024-E-RE-874) o representante do solicitante presenta para achegar ao expediente os seguintes documentos:

- Pre-solicitud de AESA.

3. O día 27/06/2024 (registro de entrada 2024-E-RC-2529) recíbese autorización de AESA. (CSV: : AESASRVAAISA000ISRFNT7092I8NDA).

4. O día 02/01/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-4) o representante do solicitante presenta instancia solicitando “obter a licencia municipal para a realización de dita obra” e achega ao expediente os seguintes documentos:

- Autorización da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.
- Autorización da Consellería Medio Rural.

5. O día 30/01/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-142) o representante do solicitante presenta instancia solicitando “obter a licencia municipal para a realización de dita obra” e achega ao expediente os seguintes documentos:

“Proyecto básico y de ejecución. Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos” con nº de visado 165/ 25- ST.

6. O día 16/05/2025 (registro de saída 2025-S-RE-573) o concello de Silleda achega requirimento de subsanación de deficiencias acompañado de informe emitido polo arquitecto municipal.

7. O día 29/05/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-932) o representante do solicitante presenta instancia para a “tramitación administrativa co fin de outorgar a licenza urbanística de obra” e achega ao expediente os seguintes documentos:

- “Proyecto básico y de ejecución. Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos” sen visado colexial.
- Compromiso de inscrición no rexistro da propiedade.
- Autoliquidación de tributos municipais.

8. O día 01/07/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-1211) o representante do solicitante presenta instancia para a “tramitación administrativa co fin de outorgar a licenza urbanística de obra” e achega ao expediente os seguintes documentos:

- “Proyecto básico y de ejecución. Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos” con nº de visado 1225/ 25- ST.

9. O día 01/07/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-1212) o representante do solicitante presenta instancia co obxecto de atender ao requirimento efectuado con data de 16 de maio de 2025 onde se achega a seguinte documentación:

- Comunicación de apertura e inicio de actividade para Almacén agrícola, depósito e almacenaxe de materiais e estacionamento de vehículos.

10. O día 22/09/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-1725) o representante do solicitante presenta instancia co obxecto de atender ao requirimento efectuado con data de 16 de maio de 2025 onde se achega a seguinte documentación:

- Declaración ambiental.
- Declaración de condicións do exercicio da actividade.
- Declaración de nivel sonoro da actividade.
- Xustificación do abono da taxa de actividade.
- Nomeamento do técnico responsable da Dirección de Obra.
- Nomeamento do Coordinador de Seguridade e Saúde.
- “Proyecto básico y de ejecución. Construcción de almacén agrícola, depósito y almacenaje de materiales, estacionamiento de vehículos” con nº de visado 1756/ 25- ST.

INFORME TÉCNICO:

1. Normativa de aplicación:

- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda (PXOM en adiante), aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de

maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de Edificación (LOE).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana
- R.D. 763/2017, de 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago
- Código Técnico da Edificación, (CTE) aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo; coas modificacións introducidas
- Orde de VIV/984/2009, de 15 de abril, pola que se modifican determinados documentos básicos do CTE e o Real Decreto 1371/2007 de 19 de outubro.
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Réxime urbanístico :

O solo onde se pretende desenvolver a edificación contida no “Proxecto Básico e de Execución para almacén agrícola, depósito e almacenaxe de materiais e estacionamento de vehículos” está clasificado como Solo rústico de protección agropecuaria segundo o establecido no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda.

O concello de Silleda conta cun PXOM aprobado provisionalmente o 18/03/2016 e definitivamente o 23/12/2022 e con data de entrada en vigor de 8 de maio de 2023, polo que é de aplicación a disposición transitoria 2ª da LSG e o punto 1.d) da disposición transitoria 1ª da LSG. En consecuencia:

d) Ao solo rústico seralle de aplicación o disposto na LSG para o solo rústico.

O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, establece para a zona de actuación contida no proxecto de referencia as seguintes afeccións:

Afección	Figura
Servidumes Aeronáuticas	RD 763/2017 Aproximación ao Aeroporto de Santiago
Concentración Parcelaria	ZCP Manduas- Chapa
Infraestruturas	PO-204 A BANDEIRA (N-525) - VILA DE CRUCES

3. Revisión documental:

Conforme ao artigo 353 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, a solicitude de licenza debe conter os seguintes datos e documentos:

TÁBOA 1. CONTIDO MÍNIMO DA SOLICITUDE LICENCIA			
Condición	Referencia legal	Revisión	Observacións
Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo Para efecto de notificacións.	Art. 353.2.a RLSG	PRESENTA	Certificado de persoa física en representación de persoa xurídica
Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral.	Art. 353.2.b RLSG	PRESENTA	
Xustificante de pagamento dos tributos municipais.	Art. 353.2.c RLSG	PRESENTA	
As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se indica a continuación.	Art. 353.2.d RLSG	PRESENTA	
- Xustificación técnica das solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable (art.6.3.a) RD 314/2006, 17 de marzo, polo que se aproba o CTE e o seu Anexo I. Contido do proxecto).		PRESENTA	
- Memoria urbanística		PRESENTA	
Xustificación do establecido no artigo 216 do RLSG (normas de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe; art. 91 da LSG)		PRESENTA	
- Planos de proxecto		PRESENTA	
- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial.		PRESENTA	

Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará o técnico ou técnicos aos cales se lles teñen encomendadas.	Art. 353.2.e RLSG	PRESENTA	
Cando non sexa exixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.	Art. 353.2.f RLSG	-	Non procede
No caso de solicitudes de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente en que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.	Art. 353.2.g RLSG	-	Non procede
Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.	Art. 353.2.h RLSG	PRESENTA	Xustifica innecesariedade
Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.	Art. 353.2.i RLSG	PRESENTA	Consta no expediente: 1. Autorización de AESA(RD 763/2017 Aproximación ao Aeroporto de Santiago). 2. Autorización da Axencia Galega de infraestruturas(estrada PO-204) 3. Autorización da Consellaría de Medio Rural (zona de Manduas-Chapa)
De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.	Art. 353.2.j RLSG	-	Non procede

Tras a revisión do proxecto e a documentación que acompaña o expediente, e co fin de realizar as comprobacións técnicas indicadas no artigo 354.3 do RLSG, cómpre indicar os seguintes resultados:

TÁBOA 2. CONTIDO DO PROXECTO TÉCNICO Nivel de control: Proxecto básico		Proxecto	Revisión (observacións)
Documentos prescritos polo CTE (Anexo I da Parte 1)	Memoria descritiva		PRESENTA
	Memoria construtiva: sustentación do edificio		PRESENTA
	Cumprimento do CTE: Seguridade en caso de incendio	Achégase xustificación do cumprimento do Regulamento de Seguridade Contra	PRESENTA

		Incendios establecementos Industriais	
	Plano de situación		PRESENTA
	Plano de emprazamento		PRESENTA
	Plano de urbanización		PRESENTA
	Plantas xerais		PRESENTA
	Planos de cubertas		PRESENTA
	Alzados e seccións		PRESENTA
	Orzamento aproximado	Inclúese no proxecto o presuposto e medicións detalladas. PEM: 198.112,10 €	PRESENTA
Outras lexislacións de obrigado cumprimento	Accesibilidade (Lei 10/2014 – D35/2000)		NON PROCEDE
	Estudo de seguridade e saúde ou Estudo básico		PRESENTA
	D 29/2010 NHV de Galicia	O uso previsto non é residencial	NON PROCEDE
	RD 105/2008 produción e xestión de residuos da construción		PRESENTA

TÁBOA 3. CONTIDO DO PROXECTO TÉCNICO Nivel de control: Proxecto de Execución		Proxecto	Revisión (observacións)
Memoria construtiva	Descrición das solucións adoptadas non incluídas no proxecto básico		PRESENTA
Cumprimento do CTE	DB-SE		PRESENTA
	DB-SUA		PRESENTA
	DB-HS		PRESENTA
	DB-HR		PRESENTA
	DB-HE		PRESENTA
Anexos á Memoria	Información xeotécnica		PRESENTA
	Cálculo da estrutura		PRESENTA
	Instalacións do edificio		PRESENTA
	Eficiencia enerxética		PRESENTA
	Estudo de impacto ambiental	Xustifica a innecesariedade	PRESENTA
	Plan de control de calidade		PRESENTA
Planos	Planos de estrutura		PRESENTA
	Planos de instalacións		PRESENTA
	Planos de definición construtiva		PRESENTA
	Memorias gráficas		PRESENTA

Pregos de condicións			PRESENTA
Medicións e Presupostos	Presuposto detallado		PRESENTA

***A intervención municipal a través da licenza urbanística non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións de montaxe das instalacións ou á calidade dos elementos ou materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa construtora ou instaladora.**

4. Finalidade do proxecto:

As actuacións pretendidas correspóndense coas obras necesarias para a construción dun almacén agrícola, depósito e almacenaxe de materiais e estacionamento de vehículos.

5. Consideracións previas

Segundo o art. 24.2 da Lei 9/ 2013 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia deberá tramitarse conxuntamente coa solicitude de licenza de obras a comunicación previa ou licenza de actividade asociada á licenza de obras.

6. Consideracións urbanísticas

6.1 Clasificación do solo

A parcela na que se pretende desenvolver a edificación e os usos obxecto desta licenza está clasificada como Solo Rústico de Protección Agropecuaria na folia F4 dos Planos de Ordenación que conforman o PXOM do concello de Silleda.

De acordo coa disposición transitoria 1ª.1.d) da Lei 2/2016 e a disposición transitoria 2ª.1.b) do RLSG, as disposicións da Lei 2/2016 para o solo rústico aplícanse ao solo rústico nos plans adaptados á Lei 9/2002, sen consideración das categorías de solo contidas no planeamento e sen que sexan de aplicación as maiores limitacións establecidas no plan.

6.2 Categoría de solo rústico

O plan xeral de desenvolvemento municipal para o concello de Silleda está adaptado á Lei 9/2002 coas modificacións derivadas da Lei 2/2010, polo que a categoría establecida polo plan, a de solo rústico de protección agropecuaria, non é directamente aplicable segundo a disposición transitoria 1ª.1.d) da Lei 2/2016.

Non obstante, o terreo atópase dentro da área delimitada polo proceso de concentración parcelaria na zona de Manduas-Chapa do concello de Silleda, que conta con resolución firme. En consecuencia, terá a consideración de solo rústico de protección agropecuaria (disposición transitoria 1ª.1.d) da LSG e artigo 34.2.a) da LSG).

Ademais, a parcela atópase dentro da zona de afección da estrada PO-2024 e en terreos afectados polas servidumes aeronáuticas establecidas para o Aeroporto Santiago-Rosalía de Castro.

En consecuencia, terá a consideración de solo rústico de protección de infraestruturas (disposición transitoria 1ª.1.d) da LSG e artigo 34.2.e) da LSG).

Os parámetros de uso e edificación serán os establecidos na Lei 2/2016 e no RLSG (artigos 35 e seguintes da Lei 2/2016 e 50 e seguintes do RLSG), sen que as maiores limitacións urbanísticas do planeamento sexan de aplicación, de acordo coas disposicións transitorias antes mencionadas.

Non obstante, os usos, actividades e construcións deben estar permitidos pola lexislación sectorial correspondente (artigo 51.2 RLSG) e é necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano coa competencia sectorial correspondente, antes do título habilitante municipal ou autorización autonómica (artigo 36.2 Lei 2/2016 e 51.2 RLSG).

Neste sentido, verifícase a inclusión da seguinte documentación na solicitude de licenza:

- 1. Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas para construción de nave, estacionamento de vehículos, peches diáfano, instalación de malla sobre zócalo existente e instalación dunha cancela, no punto quilométrico 0+590 a 0+620, marxe esquerda, da estrada PO-204, no termo municipal de Silleda.*
- 2. Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea para a construción de una nave e do uso dunha grúa móbil.*
- 3. Informe favorable de Consellaría de Medio Rural para “peche de finca para actividade de depósito, almacenaxe de materiais e estacionamento de vehículos”*

6.3 Condicións de uso

O PBE que acompaña á solicitude contempla diferentes usos para a parcela que se pretenden xustificar con base nos artigos 35.1.f) da Lei 2/2016 e 50.1.f) do RLSG, e nos artigos 35.1.g) da Lei 2/2016 e 50.1.g) do RLSG. A continuación descríbese pormenorizadamente os diferentes usos propostos e o seu encaixe dentro do marco regulatorio establecido pola LSG.

6.3.1. Uso: Depósito de material

O proxecto propón o uso previsto dunha instalación de almacenamento de materiais na zona Oeste da parcela, proporcionando unha reserva de espazo en superficie para a localización de terra natural, grava, zahorra, áridos, etc.; así como o almacenamento de biomasa.

A súa viabilidade xustifícase con base no art. 35.1.f) da Lei 2/2016 e 50.1.f) do RLSG

"Almacenamento de materiais, parques de almacenamento e maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre".

Débese ter en conta o artigo 50.1.h) da RLSG, que di: «Os usos sinalados neste apartado deben estar directamente relacionados coa explotación racional dos recursos naturais do solo rústico».

A súa adecuación ao RLSG xustifícase en base a que os materiais obxecto de depósito límitanse a usos que teñen unha relación directa coa explotación dos recursos naturais do solo rústico (terra natural, grava, zahorra, áridos, biomasa).

Delimitase o ámbito da parcela prevista para o seu desenvolvemento, tendo en conta a necesidade de manter o estado natural do terreo ou, alternativamente, a introdución de árbores ou especies vexetais que impidan o selado do solo en, polo menos, a metade da superficie desocupada da parcela.

Por outra banda, cómpre sinalar que o depósito de calquera outro tipo de material que non teña

unha relación directa coa explotación dos recursos naturais non estaría autorizado.

6.3.2. Uso: Aparcadoiro para vehículos lixeiros e pesados

